



DECRETO DE ALCALDÍA DE 05.06.2025

**DON ÁNGEL PÉREZ RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN
(LUGO)**

No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 186 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, así como a vixente lexislación sobre Réxime Local e demais disposicións concordantes,

Logo de ver que na Xunta de Goberno Local, en data 8 de febreiro de 2024 aprobouse acollerse ao PROGRAMA DO REFORZO DO EMPREGO 2024 dentro do PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía 09.05.2025 de inicio da tramitación do expediente de contratación de 1 peón de LIMPEZA a xornada completa e con unha duración máxima de 3 meses.

Logo de ver as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PEÓN DE LIMPEZA PARA O CONCELLO DE GUNTÍN XORNADA COMPETA E DE DURACIÓN 3 MESES E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA POSIBLES SUBSTITUCIÓN DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO, e a súa aprobación por Resolución da Alcaldía de data 09.05.2025.

Logo de ver o anuncio da convocatoria publicado no BOP de Lugo nº109 de data mércores, 14 de maio de 2025.

Logo de ver que non se presentou, en prazo, ningún candidato

RESOLVE:

Primeiro: Abrir un novo prazo de solicitude de participación no proceso selectivo por un período de 2 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria de emprego de **1 peón de limpeza**, no BOP de Lugo

Segundo: Publicar o anuncio de convocatoria de emprego BOP DE LUGO, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina web www.guntin.es.

Terceiro: As bases da convocatoria serán as mesmas que as publicadas na páxina institucional da Deputación de Lugo, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web www.guntin.es, excepto no tocante ao prazo de presentación de instancias que será de DOUS DÍAS HÁBILES CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOP DE LUGO





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

No punto CUARTO das Bases da convocatoria para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de peón de limpeza para o concello de Guntín, xornada completa e de duración 3 meses e a creación dunha bolsa para posibles substitucións durante a vixencia do contrato

Onde di: <<<o prazo será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP DE LUGO>>>

Debe dicir: o prazo será de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP DE LUGO>>>

Cuarto: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

En Guntín, a 5 de xuño de 2025.

O ALCALDE

Asdo.- Angel Pérez Rodríguez

Ante min a

A Secretaria-Interventora

Asdo.-Nadia Díaz Vázquez

